



As arenas dos camiños
se vos sacaran os dentes,
eu amarte coma antes
eso non lle teñas mentes.

As arenas dos camiños
trépanos os camiñantes
sonche d'amar, queridiño,
sonche de amar coma antes.

Adiós, eu voume, voume
desta terra para outra,
coa auga dos meus ollos
lavará-la túa roupa.

/:Adiós, eu quérom ír-e:/,
págame miña soldada
que eu non te poido servir-e.

Nin cantamos, nin bailamos
nin damos gust'á ninguén-he.

Para cantar doim'un dente,
para bailar unha perna,
para falar coas nenas
nin me doi dente nin perna.

Anque del cielo bagara
carta de la libertá,
primeiro perdo la vida
que largas tu amistá.

Anque de min digan, digan,
anque de min dighan ben,
anque de min digan, digan
eu non digo de ninguén.

En el muelle de Aragón
estab'ón aragonés,
clavaba' un clavo
con la cabeza al rové.



Di a túa nai, rapaza,
que aghora que non te quero

....

Caballo desenfrenado
anda y no galopea,
ese caballo merece
una montura de seda.

Anda y vete por el mundo,
caballo desenfrenado,
/:que el mundo también arregla
o qu'anda desarreglado:/

/:Adiós, hasta mañán:/
moito levo paseado
de Ceuta pa Tetuán.

/:Vámonos d'aquí que é horas:/,
a vida dos namorados
toda se vai en parolas.

Aldiña do quinteiro
¡hai que a pasar correndo!
qu'eu pola ventana tiro
un caldeiro d'auga fervendo.